

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### MIÑO

*Aprobación definitiva da Ordenanza reguladora da instalación de terrazas no Concello de Miño e derogación da ordenanza reguladora da instalación de terrazas no Concello de Miño publicada no BOP numero 216, de 19 de setembro de 2008*

O Pleno do Concello de Miño, en sesión ordinaria celebrada o día 19 de decembro de 2024, adoptou o seguinte acordo:

- Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora da instalación de terrazas no Concello de Miño, nos termos en que figura no expediente e coa redacción que consta no proxecto de ordenanza.

- Derrogar expresamente a Ordenanza reguladora da instalación de terrazas no Concello de Miño, aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación na sesión Plenaria do 21 de xuño de 2008 e publicado o seu texto definitivo no BOP número 216 do 19 de setembro de 2008. A dita derogación producirase no momento da entrada en vigor da nova ordenanza.

Durante o período de exposición ao público, non se presentou ningunha reclamación, polo que, de conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, enténdese definitivamente aprobada a citada ordenanza e derogada a ordenanza reguladora da instalación de terrazas no Concello de Miño publicada no BOP número 216, de 19 de setembro de 2008.

A teor do previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e o artigo 196.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, publícase íntegramente o citado texto normativo, que entrará en vigor ao día seguinte da súa inserción no Boletín Oficial da Provincia e unha vez que transcurra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985.

Por tratarse de unha disposición administrativa de carácter xeral, non procede recurso en vía administrativa, se ben poderá impugnarse directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación desta disposición no Boletín Oficial da Provincia, e deberá presentarse ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, isto de conformidade co previsto no artigo 10.1.b) da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O texto íntegro da citada ordenanza é o seguinte:

#### **ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS EN ESPAZOS DE USO PÚBLICO NO CONCELLO DE MIÑO.**

##### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A presente Ordenanza vén a regular, dentro da esfera da competencia municipal, o abeiro do establecido na Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local, a Lei 33/2003, do 2 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, e o artigo 40 e seguintes da Lei 09/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia, a instalación de terrazas de hostalería non espazo de uso público do Concello de Miño. Tamen é de aplicación a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

A regulación actual non pode responder ás novas necesidades derivadas da ocupación do espazo público para a instalación de terrazas, nin á convivencia desexable dos intereses que conflúen nos diferentes usos do noso espazo viario.

Trátase de buscar un marco normativo máis amplo, con maiores posibilidades de desenvolvemento da actividade hostaleira beneficiosa para os negocios e para o lecer e goce dos veciños, que permita dar resposta dunha forma máis flexible aos posibles cambios que vaian acontecendo, e baixo a consideración do espazo público como un espazo de convivencia, que é de todos, e no que o uso e goce colectivo estea asegurado. Tamén hai que ter en conta a Orde TMA/851/2021, de 23 de xullo, por a que se desenrola o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e no discriminación para el acceso e a utilización de los espazos públicos urbanizados, así como a Guía de Boas Practicas para as terrazas en espazo publico, publicado pola Xunta de Galicia en Xullo de 2024, facéndose, polo tanto, necesario establecer unha regulación actualizada, e límites do seu exercicio co fin de garantir a protección dos dereitos dos cidadáns relativos ao uso deses espazos públicos, seguridade pública, tranquilidade e descanso, accesibilidade, así como a protección do medio ambiente e dá paisaxe urbana.

Coa presente ordenanza preténdese instalar a compatibilidade entre o uso público e a utilización privada, con prevalencia da utilización pública e do interese xeral, que en caso de conflito marca criterio normativo. A regulación é consciente e cautelosa ante posibles perturbacións do descanso veciñal, e tamén é consciente da necesidade de garantir o máximo respecto ao tránsito peonil en condicións de accesibilidade.

O Concello promoverá todo o que achegue calidade ao espazo público, ao interese xeral e á paisaxe urbana, así como a instalación de elementos axardinados nas terrazas, para a consecución dun lugar máis acolledor tanto para os veciños como para as persoas que nos visiten.

Tense en especial consideración as características propias da nosa vila e de cada un dos seus ámbitos. Préstase atención á diversidade de espazos co fin de garantir a adecuada compatibilidade e integración da implantación de terrazas dunha determinada zona. Contéplase a posibilidade de establecer ordenacións singulares, que previa delimitación do ámbito zonal de ordenación, determinarán non só a superficie de ocupación, situación das instalacións senón tamén os criterios funcionais e estéticos aos que deberán axustarse.

#### **TÍTULO I.- Disposicións xerais**

**Artigo 1.-** Obxecto e ámbito de aplicación

**Artigo 2.-** Definición e tipos de instalacións

**Artigo 3.** Normativa aplicable

**Artigo 4-** Compatibilidade entre o uso público e a utilización privada dos espazos públicos ocupados por terrazas.

**Artigo 5.-** Título habilitante.

#### **TÍTULO II.- CONDICIÓN DE INSTALACIÓN**

##### **CAPÍTULO I.- Condicións xerais**

**Artigo 6.-** Limitacións

**Artigo 7.-** Superficie autorizada

**Artigo 8.-** Delimitación da superficie ocupable

**Artigo 9.-**Desenvolvemento lonxitudinal

##### **CAPÍTULO II.- Condicións de instalación en beirarrúas de rúas con circulación rodada**

**Artigo 10.-** Ocupación en beirarrúas

##### **CAPÍTULO III.- Condicións de instalación en áreas peonís, prazas e espazos libres**

**Artigo 11.-** Rúas peonís

**Artigo 12.-** Prazas e outros espazos libres asimilables

**Artigo 13.-** Zonas de soportais

##### **Capítulo IV.- Condicións de instalación en áreas específicas**

**Artigo 14.-** Áreas específicas e ordenacións singulares

**Artigo 15.-** Limitacións para a protección da paisaxe urbana, contornos monumentais e ambientais

##### **Capítulo V.- Condicións de instalación de terrazas con peche estable**

**Artigo 16.-** Terrazas con peche estable.

**Artigo 17.-** Limitacións específicas

##### **CAPÍTULO VI.-Condicións e prescricións adicionais**

**Artigo 18.-** Condicións e prescricións adicionais

#### **TÍTULO III.-MOBILIARIO E DEMAIS ELEMENTOS AUXILIARES**

**Artigo 19.-**Criterios estéticos. Homologación

**Artigo 20.-** Acoraxes

#### **TÍTULO IV.-Réxime Xurídico**

**Artigo 21.-** Sometemento a autorización administrativa

**Artigo 22.-** Natureza da autorización

**Artigo 23.-** Solicitante

**Artigo 24.-** Solicitud para instalación de terrazas en espacio de uso público

**Artigo 25.-** Prazos de solicitude

**Artigo 26.-** Procedemento de tramitación

**Artigo 27.-** Renovación das autorizacións

**Artigo 28.-** Ámbito temporal ou período de funcionamento das terrazas

**Artigo 29.-** Vixencia das autorizacións e retirada das instalacións

**Artigo 30.-** Suspensión, modificación e revogación da autorización

**Artigo 31.-** Medidas correctoras e revogación por molestias por ruído

**Artigo 32.-** Obrigas do titular da instalación

**Artigo 33.-** Taxas

#### **TITULO V.- RÉXIME DE INSPECCIÓN E PROCEDEMENTO SANCIONADOR.**

**Artigo 34.-** Inspección e réxime de actuacións

**Artigo 35.-** Réxime sancionador.

**Artigo 36.-** Suxeitos responsables

**Artigo 37.-** Procedemento sancionador

**Artigo 38.-** Órgano competente

**Artigo 39.-** Medidas cautelares

**Artigo 40.-** Cumprimento das medidas cautelares e das resolucións ditadas

**Artigo 41.-** Almacenaxe de elementos retirados

**Artigo 42.-** Infraccións

**Artigo 43.-** Clasificación das infraccións

**Artigo 44.-** Sancións

**Artigo 45.-** Circunstancias modificativas da responsabilidade.

**Artigo 46.-** Prescrición

**Artigo 47.-** Reposición da legalidade Compatibilidade

**Articulo 48.-** Reclamación das taxas

**Disposicións adicionais**

**Disposicións transitorias**

**Disposición derogatoria.**

#### **TÍTULO I.- DISPOSICIONS XERAIS.**

**Artigo 1.-** Obxecto e ámbito de aplicación

1.- A presente Ordenanza ten por obxecto a regulación do réxime técnico, estético e xurídico a que debe someterse o aproveitamento de terreos de dominio público, mediante a súa ocupación temporal con terrazas, anexas a establecementos hostaleiros e que constitúan complemento da actividade que se vén exercendo no interior dos ditos locais.

Aqueles terreos de dominio público sobre os que recaia competencia doutras Administracións Públicas, sobre os que se pretendan situar as instalacións anteriormente referidas, suxeitaranse ás determinacións da presente Ordenanza, sen prexuízo das propias condicións que se impoñan polas administracións no ámbito das súas respectivas competencias.

**Artigo 2.-** Definición e tipos de instalacións

1.- Para os efectos desta norma defínese como terraza a instalación formada por mesas, cadeiras, parasoles, toldos, mamparas, xardineiras ou outros elementos de mobiliario auxiliares, fixos ou móbiles e en todos os casos facilmente desmontables, situada en espazo exterior de uso público lindante ou próximo a un establecemento de hostalería, como zona vinculada á actividade que se exerce no dito establecemento.

2.- Os aproveitamentos que son obxecto da presente Ordenanza, suxeitaranse a algún dos seguintes tipos:

a) Terraza sen peche estable: Entendendo por tal, a terraza composta por elementos móbiles e desmontables e sen cuberta fixa ou estable. Inclúiranse nesta modalidade as instalacións que ademais contén con toldo enrollable a fachada.

b) Terraza con peche estable: Entendendo por tal, a terraza composta por elementos fixos e móbiles, pero, en todo caso, facilmente desmontables, pechada no seu perímetro, en todo ou en parte, e/ou cuberta.

### **Artigo 3. Normativa aplicable.**

As instalacións reguladas no artigo anterior quedarán suxeitas, ademais, á normativa sobre espectáculos públicos e actividades recreativas, de protección do patrimonio, de protección do medio ambiente e policía de canles, ruídos, urbanística, de accesibilidade e supresión de barreiras, así como calquera outra normativa sectorial que resulte de aplicación, polo que as súas determinacións deberán ser xustificadas acompañando á solicitude de instalación de terraza en espazos de uso público.

### **Artigo 4- Compatibilidade entre o uso público e a utilización privada dos espazos públicos ocupados por terrazas.**

A instalación de terrazas nos espazos de uso público é un uso común especial, e a súa autorización deberá atender a criterios de compatibilización do uso público coa utilización privada, debendo prevalecer nos casos de conflito o uso público do dito espazo e o interese xeral.

Para tal efecto, teranse en conta os seguintes valores e criterios:

a) Preferencia do uso común xeral, con especial atención ao tránsito peonil, debendo garantirse que as terrazas non mermen a accesibilidade de todos os cidadáns aos espazos destinados ao uso público, en condicións de fluidez, comodidade e seguridade.

b) Garantía da seguridade vial.

c) Protección da seguridade cidadá e da tranquilidade pública, en especial contra a contaminación acústica.

d) Preservación do arboredo e vexetación da paisaxe urbana e dos ambientes e condicións estéticas dos lugares e edificios, aínda que non contén con ningún tipo de protección específica nas lexislacións sectoriais.

e) Protección do uso e dos dereitos e intereses dos usuarios dos edificios lindantes.

f) Garantía do funcionamento dos servizos públicos, en especial os de emerxencia.

### **Artigo 5.- Título habilitante.**

1.- A instalación de terrazas require a presentación e a obtención de autorización municipal nos termos previstos nesta Ordenanza.

2. Estas instalacións poderán autorizarse a todos os establecementos de hostalería.

3.- Non obstante o establecido no apartado anterior, en cada caso estudaranse os condicionantes particulares de cada establecemento, así como a afección ao contorno en que se atopa situado e a súa adecuación ás condicións esixidas pola normativa de carácter medioambiental.

## **TTTULO II.- CONDICIÓN DE INSTALACIÓN**

### **CAPÍTULO I.- Condicións xerais**

#### **Artigo 6.- Limitacións.**

A autoridade municipal competente poderá, de maneira suficientemente razoada, denegar a solicitude das instalacións en calquera dos seguintes supostos:

- Que supoña prexuízo para a seguridade vial.
- Que por particulares características físicas ou por razón do nivel ou intensidade do tránsito peonil, poida resultar inconveniente desde o punto de vista da seguridade das persoas, da súa mobilidade e accesibilidade.
- Que poida incidir sobre a seguridade (evacuación) dos edificios e locais próximos.
- Que dificulte a intervención de servizos públicos ou privados en caso de emerxencia, tales como bombeiros, ambulancias, etc.
- Que supoñan deterioro do medio urbano ou resulten inadecuadas ou discordantes co seu contorno.
- Que impida ou dificulte gravemente o uso de servizos, equipamentos e/ou mobiliarios urbanos.
- Calquera outra circunstancia similar de interese público.

**Artigo 7.- Superficie autorizada.**

A superficie máxima autorizada conformarase polo perímetro exterior total do conxunto de todos os elementos a instalar dispostos para prestación de servizo, quedando así mesmo delimitada no plano detalle.

**Artigo 8.- Delimitación da superficie ocupable.**

1.- O Concello, se o considera necesario por razóns de favorecemento do tráfico peonil, de seguridade, ou meramente estéticas, poderá requirir ao titular a establecer á súa costa un sistema de sinalización da superficie máxima de ocupación autorizada.

2.- O dito sistema nunca poderá supoñer risco para os peóns, nin dano ou alteración no espazo público, debendo cumprir coa normativa en materia de accesibilidade.

**Artigo 9.- Desenvolvemento lonxitudinal**

1.- O desenvolvemento lonxitudinal máximo da terraza de cada establecemento, incluídas as súas proteccións laterais no seu caso, non rebordará a fronte de fachada do local soporte da actividade principal.

Excepcionalmente, a xuízo dos servizos técnicos, poderase permitir que as instalacións rebasen a dita fronte sempre e cando se cumpran os seguintes requisitos:

- En todo caso non poderá rebasar a fachada do edificio propio e dos dous lindantes.

- Cando o desenvolvemento lonxitudinal teña lugar xunto á fachada, deberase achegar documento que acredite a conformidade das persoas titulares dos dereitos dos locais ou fincas lindantes. A acreditación incluírá a manifestación do outorgamento do permiso explícito, expreso e non condicionado, por toda a duración do tempo en que pretenda instalarse a terraza.

- Cando existan varios establecementos que opten á instalación de terraza, o espazo repartirase, se procede, de forma proporcional á lonxitude das fachadas dos respectivos establecementos.

- En rúas peonís, cando o desenvolvemento lonxitudinal das terrazas discorra polo eixe da vía e existan establecementos hostaleiros enfrontados, o espazo repartirase de forma proporcional á lonxitude das fachadas dos establecementos.

**CAPITULO II.- Condicións de instalación en beirarrúas de rúas con circulación rodada****Artigo 10.- Ocupación en beirarrúas**

1.- A ocupación da beirarrúa establecerase en proporción ao ancho total da mesma, garantíndose sempre un itinerario peonil libre mínimo de 1,50 metros.

Non obstante o establecido no apartado anterior, o itinerario peonil libre poderá ser ampliado a 1,80 metros ou superior, a xuízo dos servizos técnicos, cando o requira a intensidade habitual ou puntual do tránsito de viandantes, ou por outras circunstancias que así o aconsellen.

2.- A instalación debera colocarse preferentemente en zona límite da beirarrúa co bordo da calzada, salvo que polas características e o uso do espazo recomenden outra disposición do itinerario peonil accesible ou cando este careza da devandita liña de fachada ou referencia edificada, facilitándose a orientación e o encamiñamento mediante unha franxa-guía lonxitudinal.

De situarse xunto á fachada deberá quedar delimitada mediante elementos de protección – de carácter móbil e desmontable - que permitan identificar o obstáculo a persoas invidentes.

No caso de situarse en zona límite de beirarrúa con bordo de calzada, os elementos da terraza deberán separarse do bordo da beirarrúa, polo menos, 40 Cm, cando así resulte necesario para a seguridade dos viandantes e o tráfico en xeral. A instalación deberá contar, ademais, con elementos de protección que poidan proporcionar a debida seguridade a criterio dos servizos técnicos.

Poderán autorizarse disposicións distintas cando o solicite o interesado e/o existan razóns especiais que así o aconsellen, as cales deberán ser valoradas, en cada caso polos servizos técnicos. Nestes casos só se autorizará a instalación, cando poida situarse a curta distancia do establecemento principal do que dependa, exista un fácil tránsito entre a mesma e o local e a súa dependencia deste último resulte facilmente recoñecible por calquera usuario da instalación.

4.- Cando existan espazos axardinados lonxitudinais formando parte da beirarrúa, a anchura sinalada no apartado 2 do presente artigo, referirase á zona libre destinada a tránsito peonil.

**CAPITULO III.- Condicións de instalación en áreas peonís, prazas e espazos libres****Artigo 11.- Rúas peonís**

1.- Para os efectos de aplicación da presente Ordenanza, terán a consideración de rúas peonís aquelas que se atopen total ou parcialmente, desde o punto de vista horario ou temporal, pechadas á circulación de vehículos e se achen así sinalizadas, con independencia da súa configuración física.

2.- Con carácter xeral, nas rúas peonís as solicitudes de terraza resolveranse segundo as peculiaridades de cada caso en concreto, atendendo ás circunstancias particulares de cada espazo, ao ancho e demais características da rúa, e disporanse de maneira que exista un itinerario peonil mínimo, libre de obstáculos, de tres (3,00) metros, de forma que se permita o paso de vehículos de emerxencias e outros vehículos autorizados.

#### **Artigo 12.-Prazas e outros espazos libres asimilables**

As solicitudes de autorización para a instalación de terrazas nestes espazos resolveranse pola administración municipal segundo singularidades da zona e conforme ás seguintes limitacións xerais:

- A superficie de ocupación total establecerase, en cada caso, atendendo ao uso principal a que estea destinada a praza, así como a súa xeometría e características concretas. En todo caso, sempre se garantirá a existencia dun itinerario peonil libre de obstáculos cunha anchura mínima de 3,00 metros en cada aliñación de fachada e/ou un central segundo as condicións do mobiliario urbano existente.

- En caso de pretenderse a instalación de terrazas exentas (non adosadas a fachada), e existindo varias solicitudes de ocupación, a falta de acordo entre os solicitantes, a administración municipal atribuirá a cada un deles en proporción aos metros de fachada que dean fronte ao espazo público.

#### **Artigo 13.- Zonas de soportais.**

1.- Permítese a instalación de terrazas no interior dos soportais sempre que se garanta a existencia de itinerarios peonís accesibles coas condicións que ao respecto se establezan polos servizos técnicos e en todo caso, garantindo un itinerario peonil libre mínimo de 1,50 metros, considerándose como anchura total do soportal a existente desde a fachada á cara interior dos piares.

En ningún caso se poderá pechar o itinerario con mamparas ou mobiliario similar, co obxecto de respectar o dereito de paso que asiste a calquera cidadán.

3.- Con carácter xeral, nas zonas que teñan instaladas terrazas con peche estable, non estará permitida a ocupación dos soportais.

#### **Capítulo IV.- Condicións de instalación en áreas específicas**

##### **Artigo 14.- Áreas específicas e ordenacións singulares.**

1.- As solicitudes de autorización para a instalación de terrazas en rúas peonís, prazas, zonas de soportais, no de monumentos ou edificios singulares e zonas de interese histórico-turístico ou outros contornos de especial interese, poderán ser obxecto de tratamento específico e estudarase de forma global, con atención ás singularidades do lugar, e resolverase pola administración municipal tendo en conta as características e a morfoloxía de cada un dos espazos, impacto visual, fluxos de persoas e vehículos, permisibilidade para o acceso de servizos públicos e uso principal a que estea destinado.

Nestes casos, as solicitudes para novas instalacións ou as renovacións correspondentes, serán resoltas conxuntamente, podendo incluso acumularse e tramitarse nun único procedemento, sen prexuízo de que a resolución se notifique a cada interesado e de que cada unha se documente individualmente, establecéndose no seu caso as condicións ou restricións que procedan.

2.- Cando as características da área peonil, con trazados irregulares e estreitos, impidan a instalación de terrazas conforme ás condicións xerais indicadas no capítulo anterior, o órgano competente, previa valoración dos servizos técnicos, poderá resolver a situación, superficie a ocupar, e demais condicións de instalación conforme ás circunstancias dos ditos espazos, que incluírá en todo caso o preceptivo informe do servizo de bombeiros e policía local sobre o acceso de vehículos de emerxencia ou autorizados. A configuración e os elementos da terraza, deben permitir en calquera caso a súa rápida retirada da vía pública.

3.- Excepcionalmente, cando non sexa posible outra localización ou se xustifique a súa conveniencia, poderanse autorizar instalacións en emprazamentos no que o persoal do establecemento estea obrigado a cruzar a calzada, sempre que se trate dun só carril de circulación. Nestas áreas específicas poderá establecerse a superficie susceptible de ocupación, disposición das instalacións, criterios de homoxeneización dos elementos das terrazas, así como os criterios funcionais e estéticos aos que deberán axustarse.

Os titulares dos establecementos hostaleiros radicados nunha determinada área específica, poderán elaborar unha proposta global de ordenación para todos eles, que en todo caso deberán ser aprobada pola Administración municipal.

##### **Artigo 15.- Limitacións para a protección da paisaxe urbana, contornos monumentais e ambientais.**

1.- Non se autorizará a instalación de terrazas cando isto poida menoscabar a contemplación e gozo de espazos públicos, monumentos ou edificios singulares ou das súas características específicas e relevantes, incluso aínda que non contén con protección especial en virtude da lexislación de patrimonio histórico, ambiental ou urbanística.

2.- Cando a instalación da terraza, aínda afectando aos espazos e edificios descritos no apartado anterior e, en especial, aos edificios ou espazos protexidos, resulte autorizable, a autoridade competente poderá establecer na autorización as restricións pertinentes para que a instalación non comporte un detrimento dos valores estéticos, paisaxísticos e ambientais que en cada caso haxa que preservar e poderá establecer limitacións específicas relativas á superficie susceptible de ocupación, determinar a disposición da instalación ou o tipo e características de mobiliario ou elementos auxiliares.

3.- Poderá esixirse a instalación de pavimentos flotantes especiais cando resulte conveniente outorgar unha protección especial ao pavimento da vía pública en atención ás súas características ou situación.

#### **Capítulo V.- Condicións de instalación de terrazas con peche estable.**

##### **Artigo 16.- Terrazas con peche estable**

1.- Este tipo de instalación poderá autorizarse, previa valoración técnica do proxecto presentado polos interesados, conforme ás condicións específicas que se indiquen en cada suposto polos servizos técnicos municipais e as que se sinalan na presente Ordenanza. Estas instalacións, polo seu carácter provisional, deberán ser facilmente desmontables e deberán procurarse solucións homoxéneas.

2.- A alternancia de distintos tipos de terraza (con e sen peche estable) nunha praza, beirarrúa, ou área peonil se estudará en cada caso, podendo denegarse calquera dos dous tipos por razóns estéticas.

3.- A altura exterior máxima da estrutura será acorde ás condicións do edificio, contorno e outras circunstancias.

##### **Artigo 17.- Limitacións específicas.**

O órgano municipal poderá denegar a solicitude de terraza tipo “con peche estable”, ademais de nos supostos previstos con carácter xeral, cando resulte formalmente inadecuada ou discordante co seu contorno, ou dificulte a correcta lectura da paisaxe urbana, así como cando o seu desenvolvemento lonxitudinal sexa superior á lonxitude de fachada correspondente ao establecemento interesado.

#### **CAPÍTULO VI.- Condicións e prescricións adicionais.**

##### **Artigo 18.- Condicións e prescricións adicionais.**

1.- As terrazas deberán integrarse co mobiliario urbano existente, de modo que non dificulten o impidan a visibilidade e o correcto uso dos elementos que xa se atopan instalados na vía pública.

En casos debidamente xustificadas, e a criterio dos servizos técnicos, poderán desprazarse ou recolocarse determinados elementos de servizos, equipamento e/ou mobiliario urbano, sempre que non supoña dano para o espazo público nin prexuízo para o interese xeral. O custo será asumido polo interesado.

2.- En todo caso, e independentemente do tipo de ocupación de que se trate, deberán deixarse completamente libres para a súa utilización inmediata polos servizos correspondentes: as bocas de rego e hidrantes, os rexistros de rede de sumidoiros, os centros de transformación, así como calquera outro tipo de elemento destinado á prestación de servizos afectos ao interese xeral no mencionado anteriormente.

3.- Non poderá colocarse elemento de mobiliario ningún que dificulte o acceso a edificios, locais comerciais ou de servizos, pasos de peóns, prazas de aparcamento reservadas para persoas con mobilidade reducida, saídas de emerxencia, vaos ou pasos de vehículos, paradas de transporte público, nin cando oculten, total ou parcialmente, ou dificulten a visibilidade da sinalización de tráfico ou de tipo informativo. Os toldos que se coloquen terán que ter a altura suficiente de xeito que non interfira o tránsito peonil, segundo establece o PXOM.

4.- En calquera caso, respectarase unha distancia suficiente entre os elementos da terraza que se pretendan instalar e calquera outro elemento de equipamento ou mobiliario urbano, tales como, farois, bancos, árbores, etc. que garantan a súa función e que permitan os labores de mantemento.

5.- Non se autorizará a colocar elemento ningún nas ramplas de acceso a pasos de peóns, debendo garantirse o cumprimento das distancias previstas na normativa de accesibilidade.

6.- En ningún caso a instalación de terraza poderá realizarse sobre superficies axardinadas.

7.- Poderán autorizarse terrazas que ocupen zonas de aparcamento de vehículos, non podendo superar en ningún caso o espazo ocupado pola fachada. Neste caso, o Concello, poderá denegalo en atención as circunstancias de rodaxe de vehículos, intensidade do tráfico, visibilidade o circunstancias similares, segundo os informes técnicos emitidos, que neste caso tamén será preceptivo o informe da Policía Local.

No caso anterior, a terraza debera quedar enrasada coa altura da beirarrúa, de xeito que quede identificada, e cumprindo as demais condicións reflectidas neste título. No caso, de solicitarse execución de obras para ampliación de beirarrúa que será destinada a terraza, será o solicitante quen asuma o custe das obras, sen prexuízo de que a obra se fará sempre

en beneficio do Concello e cumprindo as esixencias dos técnicos municipais, ademais dos demais requisitos esixidos na presente Ordenanza.

8.- A instalación na vía pública de reclamos publicitarios, tales como: pizarras, atrás, manequíns, maceteiros, anuncios dos produtos á venda, e letreiros de prezos na superficie da vía pública, queda limitada á superficie obxecto de ocupación pola terraza autorizada.

9.- Aos efectos de aplicación do disposto na presente Ordenanza, cada mesa con catro cadeiras, equivale a dous metros cadrados.

### **TÍTULO III.-MOBILIARIO E DEMAIS ELEMENTOS AUXILIARES**

#### **Artigo 19.-Criterios estéticos. Homologación**

1.- Os elementos que ocupen o espazo acoutado autorizado para a instalación da terraza, tales como mesas, cadeiras, toldos, parasoles, mamparas, xardineiras ou outros auxiliares, deberán reunir as características que se entendan precisas para a súa función, de material resistente, de fácil limpeza. Deberán harmonizar entre si e co contorno urbano en que se sitúe. Así mesmo, deberán reunir as debidas condicións de estabilidade e seguridade sen que polas súas características, uso previsible, disposición ou modo de instalación, poidan supoñer un risco para os usuarios da instalación ou para os viandantes nin para os bens públicos ou privados.

2.- A instalación ou execución en terrazas de instalacións eléctricas, de climatización ou outro tipo, poderá ser, no seu caso, obxecto de autorización, resultando necesario para a súa admisión que se acompañe da oportuna documentación necesaria subsrita por técnico competente e que, previamente á súa posta en funcionamento, anéxese ao expediente certificado no que quede acreditado que a instalación executada ou instalada se adecúa á normativa vixente e cumpre coa totalidade das medidas de seguridade legalmente esixibles.

O Concello esixirá ao interesado que a documentación detalle tanto as condicións estéticas como as condicións técnicas a fin de regular a súa correcta utilización, para evitar molestias ao tráfico, ao tránsito peonil, aos veciños e establecementos.

3.- Todos os elementos que se instalen ao servizo das terrazas axustaranse, en canto ás súas características, ás contidas na presente Ordenanza, debendo figurar na documentación da solicitude formulada para a súa instalación.

#### **Artigo 20.- Ancoraxes.**

1.- Con carácter xeral, non se permitirá a ancoraxe ao pavimento de elemento ningún da terraza, salvo que resulte xustificado, polo que poderá autorizarse.

### **TÍTULO IV.-Réxime Xurídico.**

#### **Artigo 22.- Sometemento a autorización administrativa.**

As autorizacións administrativas outorgaranse directamente aos peticionarios que reúnan as condicións requiridas tras seguir o procedemento establecido no artigo 40 e seguintes da Lei 09/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia.

#### **Artigo 23.- Natureza da autorización.**

1.- As autorizacións facultan ao seu titular a realizar o aproveitamento nas concretas condicións coas que se outorgan, non concedendo ao seu titular máis dereitos que os propios contidos nesta ordenanza.

2.- Só serán transmisibles conxuntamente coas licenzas urbanísticas dos establecementos aos que estean vinculadas.

O novo titular deberá comunicar esta circunstancia ao Concello, xunto coa presentación da póliza de seguro de responsabilidade civil en vigor a nome do novo titular. A falta da devandita comunicación implica a suxeición de ambos a todas as responsabilidades.

3.- As autorizacións para a instalación de terraza non poderán ser obxecto en ningún caso de arrendamento ou cesión independente para a súa explotación. O incumprimento dará lugar á perda de vixencia da dita autorización.

4.- As autorizacións poderán ser revogadas unilateralmente pola administración concedente, en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización.

5.- A autorización sempre se entenderá outorgada salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro.

#### **Artigo 24.- Solicitante.**

1.- Poderá solicitar autorización para a instalación de terraza o titular da licenza de actividade do establecemento.

2.- Serán requisitos para obter a autorización:

a) Contar co título habilitante para o exercicio da actividade. Non obstante, poderá formularse a solicitude sempre e cando se atope en tramitación, se ben non poderá concederse até o remate do procedemento.



b) Non ter débedas coa Facenda Municipal, o que se verificará polos servizos municipais correspondentes. A solicitude de utilización do espazo ou a súa renovación faculta á unidade municipal competente para verificar a concreta situación da persoa interesada ao respecto da súa condición de non debedora con este Concello.

c) O titular da instalación deberá dispoñer dun seguro de responsabilidade civil e de incendios que dea cobertura aos posibles riscos que puideran derivarse para as persoas e/ou as cousas con motivo do funcionamento, instalación e retirada da instalación e durante o período de vixencia da mesma.

#### **Artigo 25.- Autorización para instalación de terrazas en espazo de uso público.**

1.- Con anterioridade á instalación de terrazas ao aire libre ou na vía pública anexas a establecementos abertos ao público, o/a titular do establecemento deberá presentar unha solicitude de licenza dirixida ao concello. No caso de que a terraza se sitúe en dominio público municipal, a licenza solicitarase conxuntamente coa autorización para a ocupación do dominio público.

A solicitude de licenza terá o seguinte contido:

- Os datos identificativos do/da titular e, no seu caso, da persoa que actúe na súa representación, con indicación do seu nome e dirección.
- A localización do establecemento aberto ao público en que vai instalarse a terraza e a descrición das características da mesma.
- Especificación de se a instalación que se pretende se sitúa en espazo de dominio público ou privado de uso público, así como o tipo de instalación de terraza.
- Período de tempo de ocupación solicitado. En caso de que non se faga constar, entenderase que o período de funcionamento ao que se opta é o anual.

Xunto ao anterior incluírase a seguinte documentación:

a) Comunicación previa de inicio de actividade con número de rexistro o, no seu caso, licenza de apertura do establecemento solicitante.

b) Documento nacional de identidade do interesado se é persoa física ou número de identificación fiscal se é persoa xurídica.

c) A declaración da persoa titular onde se faga constar o compromiso de contratación do seguro previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia para o establecemento en que estea incluída a terraza, ou a documentación acreditativa da dispoñibilidade do mesmo.

d) Autoliquidación das taxas correspondentes, de regularse o seu pagamento a través de ordenanza fiscal.

e) Acreditación documental da conformidade dos titulares dos dereitos das fincas ou locais lindantes no suposto previsto no artigo 10.1 para o caso das terrazas que discorran xunto á fachada.

f) A documentación específica que no seu caso se esixa para determinadas instalacións (tarimas, instalación eléctrica, calefactores, etc.)

g) En caso de terraza sen peche estable realizarase un esbozo descritivo do tipo de ocupación que se vai realizar, onde se mostre:

g.1 Cotas da actuación que se pretende realizar, espazo e superficie a ocupar polo peche, así como polos elementos auxiliares solicitados, acoutando as súas dimensións, distancia ao bordo e á fachada, ancho de beirarrúa, lonxitude de fachada do local, etc.

g.2 Relación detallada e cuantificada de todos os elementos de mobiliario e auxiliares que se pretenden instalar.

g.3 A colocación de calquera elemento urbano situado na área de influencia da ocupación e que sexa preciso contemplar á hora de garantir o espazo libre necesario para compatibilizar o resto de usos do espazo público, indicación da distancia existente entre a terraza e os ditos elementos (árbores, papeleiras, farois, armarios de instalación do servizo público, sinais de tráfico, bancos, tapas de rexistro e arquetas de servizo ou outros).

h) En caso de terraza con peche estable, ademais do establecido nos apartados anteriores, deberase achegar:

h.1 Memoria conforme á normativa vixente, asinada por técnico competente, que conterá tantos planos como sexan necesarios para a definición en detalle dos elementos que se pretendan instalar en función da instalación pretendida.

h.2 Unha vez realizada a instalación achegarase un certificado de fin de instalación asinado por técnico competente.

i) No caso de terrazas situadas en espazos privados de uso público incluírase, ademais, como documentación específica:

i.1 Documento acreditativo da autorización dos titulares do emprazamento.

i.2 En caso de que o titular do espazo sexa unha Comunidade de Propietarios, a autorización para o seu uso deberá estar subscripta polo representante legal da mesma mediante acordo adoptado para o efecto.

#### **Artigo 26.- Prazos de solicitude.**

1.- As solicitudes para autorización de instalación de terrazas, deberán presentarse sempre con carácter previo a súa instalación, tanto se trate de instalacións de carácter anual ou temporais.

#### **Artigo 27.- Procedemento de tramitación.**

1.- As solicitudes de autorizacións tramitaranse polo órgano municipal competente, de acordo co previsto na lexislación de réxime local e de procedemento administrativo común.

O procedemento iniciarase mediante solicitude de acordo co previsto no artigo 25 desta ordenanza.

Para os efectos do cómputo dos prazos de tramitación considerarase iniciado o expediente na data de entrada da documentación completa no rexistro do órgano competente para resolver.

2.- Os servizos municipais examinarán a solicitude e a documentación presentada e, se é o caso, requirirán ao interesado para que no prazo de dez días emende a falta ou presente a documentación preceptiva, indicándolle que se non o fai entenderase que desistiu do seu pedimento e que, logo da resolución, se arquivará sen máis trámite, cos efectos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC).

3.- Unha vez completada a documentación, se emitiran os informes técnicos e xurídicos, así como calquera outro que se estime procedente, elevando proposta de resolución ao órgano que teña asumidas as competencias nesta materia. A proposta conterá algún dos seguintes sentidos:

a) De denegación.

b) De outorgamento, indicando se é o caso, os requisitos ou as medidas correctoras que a instalación proxectada deberá cumprir para se axustar á normativa aplicable.

4.- O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de dous meses. Transcorrido dito prazo sen que se houbese ditado e notificado resolución expresa poderá entenderse desestimada a solicitude por silencio administrativo. En todo caso a instalación da terraza non poderá realizarse ata que non se obteña a autorización expresa.

5.- No suposto de terrazas tipo, con peche estable, e nas que se considere conveniente, no seu caso polos servizos técnicos, unha vez autorizada a instalación, e previa ao seu funcionamento, deberase presentar ante a Administración Municipal: Certificado de adecuación da instalación de terraza á autorización concedida, asinado por técnico competente, así como comunicación de inicio de actividade indicando data da mesma.

#### **Artigo 28.- Renovación das autorizacións**

1.- As autorizacións entenderanse automaticamente renovadas cando a súa autorización sexa anual, e sempre que non varíen as circunstancias nas que foi concedida, nin fora sancionado o seu titular como responsable dunha infracción moi grave tipificada na presente ordenanza.

#### **Artigo 29.- Ámbito temporal ou período de funcionamento das terrazas**

1.- As autorizacións poderán ser anuais ou de temporada, entendendo o carácter anual como de o ano natural - do 1 de xaneiro ao 31 de decembro-, e a temporada como o período comprendido entre o 1 de abril ao 30 de setembro.

2.- O interesado poderá solicitar dispoñer de diferente mobiliario e elementos auxiliares segundo as estacións do ano, se ben terán que comprenderse na solicitude ambas solucións e ser obxecto de autorización. A superficie de ocupación non poderá sufrir variación ningunha.

No caso de instalacións de terrazas de temporada a autorización administrativa será polo prazo establecido, debendo o interesado formular nova autorización na temporada seguinte.

#### **Artigo 30.- Vixencia das autorizacións e retirada das instalacións.**

1.- A vixencia das autorizacións que se concedan corresponderase co período de funcionamento autorizado.

2.- Para o tipo de terraza con peche estable, poderá autorizarse a permanencia dos elementos da instalación no espazo autorizado, ata o termino de vixencia da autorización. Transcorrido este período, o titular deberá proceder á retirada da instalación nun prazo máximo de 48 h, devolvendo o espazo ao seu estado anterior.

#### **Artigo 31.- Suspensión, modificación e revogación da autorización.**

1.- O incumprimento grave por parte do titular dos límites e condicións da autorización administrativa poderá dar lugar, con independencia das sancións que puideran proceder, á súa revogación. Considéranse incumprimentos graves os tipificados como infraccións graves e moi graves nesta Ordenanza.

2.- En todo momento, as autorizacións administrativas poderán ser revogadas motivadamente por razóns de interese xeral, sen dereito a indemnización. En especial, procederá a revogación cando resulten incompatibles coas normas ou criterios aprobados con posterioridade, produzan danos ao espazo público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público, menoscaben ou dificulten o uso xeral, se alteren os supostos determinantes do seu outorgamento ou sobreviñeran circunstancias, que de existir naquel momento, xustificarian a denegación.

3- Polas mesmas razóns e nas mesmas condicións do apartado anterior, a Administración poderá modificar as autorizacións administrativas en canto a situación, extensión, horario ou calquera outro aspecto.

4.- A autorización poderá quedar suspendida temporalmente, ordenándose a retirada das instalacións a costa do titular, cando circunstancias de tráfico, situación de urxencia, celebración de eventos públicos promovidos ou autorizados polo Concello, así como pola realización de obras de curta duración, esixencias dos servizos públicos, ou circunstancia de interese xeral así o aconsellen, e iso sen dereito a indemnización ningunha. A suspensión terá a duración imprescindible, recobrando a autorización administrativa a súa eficacia en canto desaparezan as circunstancias que a xustificaron, en todo caso sen necesidade de resolución administrativa. Nestes casos, a Administración, previa solicitude do interesado e unha vez finalizado o ano, procederá á devolución de taxas correspondentes ao período afectado.

5.- Así mesmo, con motivo da execución de obras e/ou servizos públicos ou privados autorizados, o Concello poderá revogar, modificar ou suspender temporalmente a autorización concedida, mediante resolución motivada. Nestes casos non se xerará ningún tipo de dereitos dos establecementos afectados ou compensación ningunha, a excepción do reintegro no seu caso da parte proporcional do importe aboado en concepto de taxa municipal polo aproveitamento especial correspondente ao período non utilizado.

6.- A extinción ou suspensión da autorización administrativa de apertura ou o peche por calquera causa legal do local ou establecemento desde o que se deba atender a terraza determinarán igualmente a automática extinción ou a suspensión da autorización administrativa de terraza sen necesidade de resolución administrativa.

#### **Artigo 32.- Medidas correctoras e revogación por molestias por ruído.**

No caso de que se presenten reiteradas queixas ou reclamacións por molestias habituais debidas ao ruído procedente da terraza dun establecemento, que supoñan perturbación grave do descanso nocturno, afectando á tranquilidade e ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas, e sexan debidamente acreditadas e constatadas pola Policía Local, o Concello poderá, previa audiencia ao titular da instalación, limitar o horario de funcionamento, así como o número de mesas autorizadas, podendo ata revogarse a autorización concedida.

#### **Artigo 33- Obrigas do titular da instalación.**

Sen prexuízo das obrigas de carácter xeral, e das que se deriven da aplicación da presente Ordenanza, será obriga do titular da instalación:

1.- Manter, tanto o chan cuxa ocupación se autoriza, como a terraza e cada un dos elementos que a compoñen, nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato. Para tales efectos, deberá dispoñerse dos correspondentes elementos de recollida e almacenamento de residuos para manter en condicións de limpeza o espazo de uso público.

Ao remate de cada xornada deberán realizarse as tarefas de limpeza necesarias no chan ocupado.

A limpeza que deban efectuar os servizos municipais, en substitución do titular da autorización, liquidarase polo procedemento previsto para as execucións subsidiarias.

2. Velar para que os usuarios non alteren a orde nin realicen actividades ruidosas que xeren molestias aos veciños ou aos demais usuarios de espazo público.

3. Adoptar as previsións necesarias para que os usuarios da terraza non excedan os límites do espazo autorizado.

4.- Non se permitirá utilizar a vía pública como almacén ou lugar de depósito e amontoamento de mobiliario ou calquera outro elemento, aínda cando se efectúe na porción de espazo público autorizado, xa se produza dentro ou fóra do horario concedido.

5. Non poderán afectarse bens, obras ou servizos polo que, se resultase afectado o pavimento ou calquera outro elemento do espazo público, con motivo do funcionamento da instalación, será responsable dos danos ocasionados, debendo responder da reposición dos bens ou servizos afectados.

6. Responder polos danos ocasionados ás persoas ou ás cousas con motivo do funcionamento, instalación e retirada da terraza, e durante o período en que se atope instalada.

7. - O titular da instalación deberá ter en todo momento, a disposición dos servizos técnicos e Policía Local, o título habilitante para o exercicio da actividade, a resolución de autorización para a terraza e renovación no seu caso, xunto co plano, detalle en que conste a superficie de ocupación autorizada, así como os xustificantes da existencia de póliza en vigor

do seguro de responsabilidade civil, e de aboamento das taxas municipais (segundo a ordenanza fiscal que se regule), así como o certificado técnico de adecuación da instalación á autorización concedida, se procede.

8.- As instalacións autorizadas deberán retirarse de forma inmediata cando iso sexa necesario para o acceso de vehículos autorizados ou de urxencias, recollida de residuos, rego ou limpeza de rúas e para a prestación de calquera outro servizo público ou de interese xeral que o requira.

9.- Finalizada a vixencia da autorización, sen que haxa intención de renovación, o titular da mesma deberá retirar da vía pública todos os elementos da terraza, mobiliario e instalacións autorizadas, debendo quedar completamente expedita para o tránsito peonil a porción de espazo público. No suposto de incumprimento desta obriga, procederá ao seu cumprimento o Concello, mediante a súa execución subsidiaria a costa do obrigado.

#### **Artigo 34.- Taxas**

Os aproveitamentos obxecto da presente normativa estarán suxeitos ao pagamento das correspondentes exaccións fiscais de acordo coa ordenanza que as regule, no seu caso.

### **TITULO V.-RÉXIME DE INSPECCIÓN E PROCEDIMENTO SANCIONADOR**

#### **Artigo 35.- Inspección e réxime de actuacións.**

1.- A inspección e control para verificar o cumprimento da presente Ordenanza, corresponde aos funcionarios técnicos do servizo municipal ao que corresponda competencia de autorización na materia e á Policía Local.

Sen embargo, por resolución da Alcaldía ou por aquelas persoas que dispoñan da preceptiva delegación de funcións, poderá tamén acreditarse a funcionarios de calquera outro servizo técnico municipal que poida resultar afectado polas autorizacións reguladas na presente ordenanza, para o exercicio da función de inspección regulada neste artigo.

2.- Cando se detecte a existencia de instalacións que non contén coa preceptiva autorización administrativa, ou incumpran o disposto na mesma procederá incoar o procedemento sancionador, en cuxa resolución se lle esixirá a reposición ao seu estado orixinario da situación alterada, impoñerase ao infractor a sanción que proceda e a indemnización no seu caso, polos danos e perdas causados.

3.- Cando contando a instalación coa preceptiva autorización administrativa, se detecte un incumprimento das súas condicións ou das reguladas na presente Ordenanza, de carácter leve e que non comporte un prexuízo grave aos intereses xerais, realizarase a advertencia e requirimento de subsanación por escrito. O incumprimento do requirido no prazo outorgado para o efecto, ou a reincidencia no incumprimento detectado, supoñerá directamente a apertura do expediente sancionador polos ditos actos.

#### **Artigo 36.- Réxime sancionador**

O incumprimento das disposicións da presente Ordenanza poderá dar lugar á comisión de algunha ou varias das infraccións que se recollen na mesma, en cuxo caso se tramitará expediente sancionador para depurar a responsabilidade administrativa en que poida terse incorrido.

#### **Artigo 37.- Suxeitos responsables.**

Serán responsables das infraccións as persoas físicas ou xurídicas titulares das instalacións.

#### **Artigo 38.- Procedemento sancionador.**

1.- A imposición das sancións previstas na presente Ordenanza, requirirá a previa incoación e instrución do procedemento correspondente, o cal se substanciará conforme ao disposto na lexislación xeral sobre o procedemento administrativo común e o seu regulamento de desenvolvemento.

2.- A tramitación do pertinente procedemento sancionador levarase a cabo polo servizo que ostenta a competencia de autorización na materia.

3.- Durante a tramitación dos expedientes sancionadores, poderán adoptarse medidas cautelares, co contido e efectos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4.- O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de seis meses.

#### **Artigo 39.- Órgano competente.**

1.- A incoación e resolución dos procedementos sancionadores corresponderá ao órgano municipal competente para conceder a correspondente autorización.

**Artigo 40.- Medidas cautelares.**

Cando a instalación impida ou dificulte notablemente o uso común xeral, perturbe ou supoña perigo de perturbación da seguridade e tranquilidade pública, ou supoña calquera outro grave prexuízo aos intereses xerais, iniciado o correspondente procedemento sancionador, poderá acordarse a adopción de medidas cautelares, tales como entre outras a retirada das instalacións ilegais, e a suspensión da autorización administrativa para colocación da terraza.

O Concello poderá adoptar as medidas cautelares que fosen necesarias para garantir o cumprimento da presente Ordenanza e as esixencias dos intereses xerais, entre outros nos seguintes supostos:

- Instalación de terraza sen autorización municipal.
- Ocupación de maior superficie da autorizada, coa finalidade de recuperar a dispoñibilidade do espazo público indebidamente ocupado para o gozo dos usuarios.
- Cando requirido o titular o representante para a recollida ou retirada da terraza se incumpra o ordenando pola autoridade municipal ou os seus axentes.

**Artigo 41.- Cumprimento das medidas cautelares e das resolucións ditadas.**

1.- As medidas cautelares adoptadas, e as ordes de restablecemento da legalidade ditadas nos expedientes sancionadores tramitados serán inmediatamente executivas conforme ao disposto na LPAC, e deberán cumprirse nos prazos establecidos, ou na súa falta no prazo de dez días.

2.- O incumprimento polo interesado das ordes contidas nas medidas cautelares adoptadas ou nas resolucións ditadas para o efecto, conlevará a utilización administrativa dos medios de execución forzosa previstos nos artigos 99 e seguintes da LPAC, sen prexuízo do exercicio das accións de recuperación de oficio, e demais prerrogativas municipais que respecto do dominio público ostenta a Administración.

**Artigo 42.- Almacenaxe de elementos retirados.**

Os elementos retirados subsidiariamente pola Administración Municipal, serán trasladados aos almacéns habilitados para tal efecto polo concello, nos que permanecerán por espazo dun mes a disposición dos seus titulares, que, con carácter previo á súa recollida deberán facer efectivo o importe do custo da execución subsidiaria e a posible sanción.

De non procederse polos seus titulares á dita recollida no prazo disposto, terán a consideración de residuos urbanos e quedarán a disposición da Administración Municipal.

**Artigo 43.- Infraccións.**

Constitúen infraccións as accións e omisións que contraveñan a normativa contida nesta Ordenanza, así como as concretas condicións a que se suxeiten as correspondentes autorizacións. Para os efectos do establecido no apartado anterior, terá a consideración de acto independente sancionable cada actuación separada no tempo ou no espazo que resulte contraria ao disposto nesta Ordenanza.

**Artigo 44.-Clasificación das infraccións.**

As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

**1.- Son infraccións leves:**

a) O incumprimento da obriga de manter o espazo de uso público onde se emprace a terraza autorizada e cada un dos elementos que a compoñen nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato, tanto durante o seu funcionamento como ao remate do mesmo.

b) O deterioro leve dos equipamentos, infraestruturas, instalacións ou espazo de uso público, que se produza como consecuencia do funcionamento da terraza.

c) A ocupación de maior superficie da autorizada cando este exceso non supere o 20 %.

d) A colocación ou emprazamento da terraza en disposición diferente da autorizada ou detallada na solicitude.

e) Xunto ás anteriores, entenderanse como infraccións leves todas aquelas que se recollen no art. 54 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

**2. Son infraccións graves:**

a) A instalación dunha terraza carecendo da preceptiva autorización municipal cando sexa posible a súa legalización.

b) O deterioro grave dos equipamentos, infraestruturas, instalacións ou espazo de uso público que se produza como consecuencia do funcionamento da terraza.

c) A produción de molestias acreditadas aos veciños ou transeúntes, derivadas do funcionamento da instalación, por incumprimento das condicións establecidas.

d) A non exhibición da documentación aos axentes da autoridade ou servizos técnicos competentes que o requiran.

e) A negativa ou obstaculización ao labor inspector ou desobediencia aos lexítimos requirimentos da Policía Local.

f) Xunto ás anteriores, entenderanse como infraccións graves todas aquelas que se recollen no art. 53 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

3.-Son infraccións moi graves:

a) A instalación dunha terraza carecendo da preceptiva autorización municipal cando a mesma non resulte legalizable.

b) A produción de molestias acreditadas e graves aos veciños ou transeúntes derivadas do funcionamento da instalación por incumprimento reiterado e grave das condicións establecidas.

c) A desobediencia reiterada aos lexítimos requirimentos da Policía Local.

d) A carencia de seguro de responsabilidade civil .

e) O incumprimento das condicións técnicas de instalación ou outras condicións específicas que se contemplaron no documento da autorización presentada.

f) O incumprimento da orde de suspensión ou retirada inmediata da instalación, cando diso se derive: unha perturbación relevante da convivencia que afecte de xeito grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas, ou dificulte o uso ou funcionamento de servizos públicos ou de interese xeral ou supoña un deterioro grave de equipamentos, infraestruturas, instalacións ou espazo de uso público.

g) A ocultación, manipulación ou falsificación dos datos ou da documentación presentada para a obtención da correspondente autorización.

h) Non desmontar as instalacións, unha vez terminado o período de vixencia da autorización ou cando fose requirido pola autoridade municipal.

i) Xunto ás anteriores, entenderanse como infraccións moi graves todas aquelas que se recollen no art. 52 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

#### **Artigo 45.- Sancións.**

1.-As citadas infraccións serán sancionadas da seguinte forma:

a. As infraccións leves con multa de ata 300 euros.

b. As infraccións graves con multa de 501 euros ata 900 euros.

c. As infraccións moi graves con multa de 901 ata 1500 euros.

2.-A comisión de infraccións graves e moi graves poderá levar aparellada como accesoria a imposición da sanción de revogación da autorización municipal, e, a comisión de infraccións moi graves, tamén a de inhabilitación para a obtención de futuras autorizacións reguladas por esta Ordenanza, durante o prazo máximo dun ano.

O establecido no parágrafo anterior aplicarase en atención á transcendencia social do feito e demais circunstancias que concorran, especialmente cando se produza unha perturbación importante da normal convivencia que afecte de modo grave, inmediato e directo á tranquilidade, ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas, ao normal desenvolvemento de actividades de toda clase conforme á normativa que resulte de aplicación.

3.- A sanción é independente e compatible coa legalización da instalación, se procedese, así como coa liquidación da taxa pola ocupación non autorizada e recargas que procedan, no seu caso.

#### **Artigo 46.- Circunstancias modificativas da responsabilidade.**

Para a modulación das sancións terase en conta a existencia de intencionalidade ou reiteración na conduta infractora, natureza dos prexuízos causados, reincidencia na comisión da infracción e beneficio obtido coa mesma. Considérase que existe reincidencia do infractor, cando este cometa unha nova infracción da mesma natureza, sen que transcorresen dous anos desde a comisión da anterior declarada mediante resolución firme.

Terá a consideración de circunstancia atenuante da responsabilidade, a adopción espontánea, por parte do autor da infracción, de medidas correctoras con anterioridade á incoación do expediente sancionador.

#### **Artigo 47.-Prescripción.**

As infraccións leves prescriben aos seis meses, as graves aos dous anos e as moi graves aos tres anos.

As sancións impostas por infraccións leves prescriben ao ano; as sancións por infraccións graves, aos dous anos e as sancións por infraccións moi graves prescriben aos tres anos.

O cómputo do prazo de prescrición e a súa interrupción realizarase conforme ao establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### **Artigo 48.- Reposición da legalidade. Compatibilidade.**

As responsabilidades administrativas que resulten do procedemento sancionador serán compatibles coa esixencia ao infractor da reposición da situación alterada ao seu estado orixinario, así como á indemnización polos danos e perda causados.

Sen prexuízo do exercicio da potestade sancionadora e doutras potestades recoñecidas polo ordenamento xurídico, o incumprimento dos preceptos desta Ordenanza poderá dar lugar á adopción das medidas que resulten procedentes co fin de restablecer a legalidade infrinxida.

Nos supostos en que o concello comprobe a instalación de terraza sen contar coa preceptiva autorización para iso, ou acorde a revogación ou suspensión da autorización por calquera das causas previstas nesta Ordenanza, requirirase ao titular para que proceda á retirada da vía pública dos elementos da terraza no prazo de dez días hábiles, con apercibimento de que, no caso de non cumprimentar o ordenado, procederase á execución forzosa, mediante execución subsidiaria a costa do obrigado.

#### **Artículo 49.-Reclamación das taxas.**

Cando polos servizos de inspección se detecte a existencia das instalacións reguladas na presente Ordenanza, sen autorización administrativa ou incumprindo o disposto na mesma, con independencia da imposición de sancións que procedan e da adopción das medidas de restitución da legalidade que resulten pertinentes, procederase á liquidación e esixencia de pagamento das taxas pendentes de aboamento ou da diferenza entre o importe aboado e o procedente en función da utilización real do dominio público efectuada correspondente ao período no que se produciu o aproveitamento.

O anterior de acordo co establecido nesta ordenanza, na ordenanza fiscal municipal no seu caso, así como na lexislación de facendas locais e demais lexislación tributaria que resulte de aplicación, e todo iso sen prexuízo das sancións tributarias que resulten procedentes.

#### **Disposición adicional.**

**Primeira.-** Habilítase á Alcaldía-Presidencia, ou órgano en quen delegue, para ditar as disposicións ou instrucións necesarias para o desenvolvemento e aplicación da presente ordenanza.

#### **Disposicións transitorias.**

**Primeira.-** As terrazas que se atopen instaladas no momento da entrada en vigor desta ordenanza, disporán do prazo de 3 anos para adaptarse á presente normativa.

**Segunda.** As que contén con licenza a data de entrada en vigor da presente Ordenanza non terán que solicitar nova autorización, salvo nos supostos de variación de circunstancias, e segundo o establecido na presente Ordenanza. En todo caso, poderán ser obxecto de inspección polos servizos técnicos municipais, e no seu caso pola Policía Local, que no caso de incumprir a presente Ordenanza serán requiridos para que se adapten a presente Ordenanza no prazo que se estipule.

#### **Disposición derogatoria.**

A presente ordenanza entrara en vigor trala publicación no BOP, deixando sen efecto a Ordenanza reguladora da instalación de terrazas no municipio de Miño, publicada no BOP numero 216, de 19 de setembro de 2008.

Miño, 20 de febreiro de 2025

O alcalde

Manuel Vázquez Faraldo

2025/1220